



Xornada

As creadoras galegas no século XXI

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
24 de abril de 2024



A historia da arte occidental construíu durante séculos os seus propios códigos, cuxo resultado foi favorecer a figura do artista home, ao mesmo tempo que excluía sistematicamente as mulleres dos principais movementos que a conformaron. Esta visión da historia da arte como un discurso parcial foi investigada por historiadoras como Linda Nochlin, que en 1971, no texto fundacional da crítica artística feminista, se preguntaba: «Por que non houbo grandes mulleres artistas?», poñendo en cuestión os fundamentos da historia da arte realizada ata entón. Analizaba como o illamento en que traballaron gran parte das creadoras motivou a súa exclusión dos principais movementos artísticos do mundo occidental. A partir dos anos setenta do pasado século comeza a reconstrución dunha historia da arte que sistematicamente esquecera o traballo das mulleres, relegadas a seren obxectos artísticos en lugar de suxeitos. En Galicia, a revisión do acontecido co papel cumprido polas mulleres no século XX ten as súas primeiras referencias nas bienais de artistas galegas (1987, 1990, 1994 e 1997) organizadas polo colectivo Alecrín, que empezaron a sacar á luz o traballo exclusivo de mulleres. A estas mostras seguiron exposicións como *Presente Plural* (1994), *A arte inexistente* (1995), *Nos-outras. Pintoras, poetas e orgullo de ser muller* (1997), *Clónicas* (2004), *Marxes e mapas* (2008), *Generosas y fuertes* (2009), *Artistas. Proxectos de visibilización* (2013), *Mulleres do silencio* (2016-2017), *Alén dos xéneros* (2016), *Territorios de intimidade* (2019) ou *María Corredoira. (Re)coñecer? (Re)presentar? (Re)distribuír?* (2023).

Convén destacar o importante informe *Arte + mulleres. Creadoras galegas* (Consello da Cultura Galega, 2015), no que se revisa pormenorizadamente o protagonismo das artistas en Galicia en diferentes ámbitos entre 1990 e 2013. As súas conclusións indicaban que, a pesar do avanzado na promoción e difusión das artes plásticas, a desigualdade entre artistas mulleres e homes seguía sendo unha realidade en Galicia.

Desde mediados dos anos noventa, a afluencia de mulleres na arte constitúe un fenómeno emerxente e desde os inicios do século XXI unha realidade no mundo global. Con todo, se neste momento tamén en Galicia falamos de igualdade e mesmo de maior presenza de mulleres en termos de formación, o lugar que estas ocupan dentro do que constitúe o sistema artístico segue sendo minoritario con respecto ao dos homes. A súa presenza en mostras temporais importantes, coleccións ou programación de galerías e a súa repercusión mediática seguen sendo desiguais e mesmo, en moitos casos, minoritarias. Reflexionar desde un escenario este primeiro cuarto do século XXI, no que as xeracións máis novas de creadoras comparten en igualdade formación e referencias sociais, culturais e estruturais cos seus compañeiros masculinos, é sen dúbida o camiño para coñecer o impacto na armazón creativa de Galicia destas novas mulleres creadoras.

Programa

16:00 horas
Presentación

16:15 horas
Mesa redonda
As mulleres creadoras ante os retos actuais da plástica en Galicia
Modera: **ROSARIO SARMIENTO**, xestora cultural e comisaria de exposicións

MÓNICA ALONSO, artista plástica e académica da Real Academia Galega de Belas Artes

CELESTE GARRIDO, artista plástica

ALEJANDRA PARDO, artista plástica

17:30 horas
Relatorio
A presenza das mulleres creadoras nos museos e coleccións en Galicia
MIGUEL ANXO RODRÍGUEZ, profesor de Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela

18:15 horas
Pausa

18:30 horas
Mesa redonda
Arte, muller e institucións na Galicia do século XXI
Modera: **SOFÍA SANTOS**, coleccionista

SANTIAGO OLMO, director do Centro Galego de Arte Contemporánea

SUSANA GONZÁLEZ, directora da colección de arte da Fundación María José Jove

MIGUEL ANXO RODRÍGUEZ, profesor de Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela

19:45 horas
Peche da xornada

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)

Coordinan

Rosario Sarmiento Escalona
Sofía Santos Pérez

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Imaxe da portada: Alejandra Pardo, *Avísame cando saías, que te vou buscar*, carbón, pastel e grafito sobre papel, 150 x 215 cm, 2024



Organiza:

